

**N**on sabía por que razón estaba agora alí. Levaba xa moitos días que viña pensando niso e non era quen de recordar nada anterior ao momento no que despertou naquela casa tan singular.

Non. Non se atopaba triste. Non sentía morriña, nin nada diso. Verdadeiramente non podía sentilo posto que estaba claro que algún shock provocara aquela amnesia. Pero cada día había momentos nos que lle gustaría recordar realmente o que sucedera, cales eran as verdadeiras razóns de estar alí convivindo con aqueles sete, eses sete homes inseparables, e que agora xa eran oito contando con ela.

O que en principio foi unha casualidade acabou convertendo nunha nova vida para Branca Neves. Alí permanece dende hai meses e en realidade sentíase ben naquela casa e cos seus sete compañeiros. Sabía que un día de mañá atopárona durmida no balancín que había na parte de atrás da casa. Segundo lle contaran levaba posto un mono de traballo de cor verde cun logo no peto que levaba no peito que ninguén foi quen de recoñecer. Levaba ademais un casco posto e unhas botas de seguridade altas e con cordóns moi longos.

Sorte que lle permitiron quedarse con eles, pois nin sabían de onde viña, nin se ía a algures. Non recordaba nin como se chamaba, nin se tiña familia, nin cantos anos tiña, aínda que pola aparencia non debía chegar nin aos trinta.

Despois de varios días con eles decidiu que ou marchaba e seguía camiño sen saber ben cara onde, ou ben tiña que atopar un traballo pois, de quedarse con eles non era de bo gusto está a chupar do bote sen facen nada de nada. Polo tanto inventouse un nome, pois non se ía presentar a ningunha empresa dicíndolle a verdade: que non sabía nada dela, nin sequera o seu nome. Foi entón, logo de moito matinar que decidiu chamarse Branca, e como non se lle ocorreu nada mellor decidiu que Neves fose o seu apelido.

Estivo unha semana enteira visitando diferentes lugares en busca de traballo, e cada día ao chegar a casa comentaba como lle fora o día.

O luns ao chegar Afonso estaba coma sempre cosendo os botóns, e arranxando a roupa de todos, era algo que lle gustaba facer e ademais facíao estupendamente. Coméntoulle que visitara un serradoiro no que precisaban un mecánico para mantemento de todas as maquinarias da empresa, así como para os camións que transportaban a madeira. A Branca non lle desgustou nada a proposta de traballo pero tiña un inconveniente, estaba tan lonxe que volver todos os días sería complicado. Por ese motivo Afonso díxolle: - ***Non te apures, se aínda comezaches agora a buscar traballo, mellor espera e mañá será outro día, quen sabe o que podes encontrar mañá!***- Branca decatouse de que tiña razón, esperaría a ver máis traballos para tomar unha decisión.

Ben cedo se ergueu o martes e todo o día andou dun lugar para atopar algún lugar onde precisaran a alguén para traballar. Chegou ben cansa, cando as sombras das árbores eran tan longas que parecían que chegaban ata o horizonte. No camiño á casa na horta estaba Bruno que con total delicadeza e con moita paciencia coidaba de toda a plantación de verduras e legumes que consumían na casa, sen esquecerse do seu enredo preferido: cultivar belidas rosas de todas as cores, sendo as súas preferidas as de cor rosa.

Contoulle a Bruno que ese día soamente atopara unha mina de onde precisaban mineiros para picar carbón. A Branca non lle importaría nada facer ese traballo, pero sabía que debido a que padecía de asma o traballo podería ser prexudicial para a súa saúde. Así foi cando Bruno lle dixo: -***De ningún***

*xeito creo que debas aceptar ese traballo, pois a saúde é algo tan valioso que non hai cartos que a paguen. Mellor espera a mañan que posiblemente atopas algo mellor-.* Branca agradeceu a boa intención de Bruno e decidiu facerlle caso.

Aínda o galo Tico non cantara cando o mércores Branca estaba preparando o almorzo para saír rapidamente na procura dun traballo. O mércores novamente correu dun lado noutro, sen descanso esperando que ese fora o día que atopara o traballo que lle acaera perfectamente.

Ese día, ao regresar, ao primeiro que atopou foi a Carlos que coma sempre que non tiña nada que facer despois do seu traballo coidando nenos na gardería, estaba facendo flores de papel de seda coas que decoraba toda a casa e incluso algunha vez as tiña lucido no pelo. Entretívose Branca relatando as peripecias do día e decidiuse a preguntarlle que lle parecería se aceptaba un traballo de albanel no que debía irse a vivir noutro país no que construían un palacio para un príncipe azul que se cría que vivía nun conto de fadas.

Nese mesmo momento chegou Diego que ao decatarse da posibilidade de que Branca marchara a outro país suplicou que non o aceptara, que xa aparecería algo que realmente puidera facer e que non lle obrigara a deixalos, pois xa levaban meses xuntos e sentíase moi triste se os deixaba. Entón díxolle: *-Mira Branca, non é preciso apresurarse, habrá tempo de atopar solución ao teu traballo. Non sabería xa vivir sen ti na casa cando me axudas nas miñas obrigas de fregar os pratos, pasar o ferro ou cocíñar-.* Branca, entendeuno, e ela mesma tamén sabía que non lle apetecía nada deixar aos seus sete amigos, pois eran xa moi importantes para ela na súa vida.

Amencía o xoves e Branca erguíase da cama para continuar coa busca do traballo que lle permitira permanecer cos seus amigos, preservar a súa saúde, non ter que marchar daquela casa... pero necesitaba algo no que sentirse útil. Nada máis baixar do cuarto atopouse con Enrique que coma todos os días erguíase cedo para preparar os saborosos bolos de tona e chocolate que preparaba para o almorzo de todos. Todos lle agradecían o seu traballo porque era un pasteiro exquisito, pulcro, coidadoso, ademais de ser un compañeiro tenro e comprensivo, tranquilo e apracible que sempre estaba disposto a escoitar.

Branca, mentres almorzaba, e saboreaba aqueles bolos estivo falando con el da súa busca de traballo, tamén lle contou que estaba preocupada porque levaba moitos días sen lograr atopar un oficio que se adaptara a ela. Enrique, coa súa sensibilidade e amabilidade explicoulle que o bo ás veces faise esperar, que ser perseverante fai que sigas loitando conseguindo os obxectivos que te propoñas. Logo de darlle unha aperta, fíxolle un aceno de aceptación antes de que saíra pola porta de cara a cidade onde pasaría novamente o día no seu empeño de que alguén a contratara.

Regresou novamente á tardiña, as árbores batíanse co vento e caían algunhas follas que deixaban o camiño tapizado de cálidas cores. Felix tamén regresaba a casa atopándose con Branca. Viñeron falando, e ela comentou que posiblemente aquel fora o día definitivo pois atopara un traballo de bordadora de manteis que estaba ben pagado, non estaba lonxe e iso lle permitiría permanecer con eles, os seus amigos. Comentoulle que estaba decidida, aquilo podería ser xa definitivo. Mesmo Felix podería axudarlle xa que el era un experto bordador e levaba xa anos traballando ao servizo dunha tenda de artesanía que rexentaba unha viuva que estaba obsesionada cos espellos, de feito a tenda chamábase "O espello da verdade".



Félix, con moito coidado de non ofendela, e con tranquilidade díxolle: - *Branca, non é por fastidiarte, nin por humillarte, porque ti vales moito e téis moitas virtudes e habilidades importantes, pero precisamente o bordado non é o teu... levaríache bastante tempo aprender-*. Branca parouse e mirouno, Félix tamén parou e novamente tomou a palabra: - *Eu non tería problema ningún en axudarte, ensinar-te todo o arte do bordado, un fermoso traballo. Pero eu sei que a ti non che gusta moito, que sería un traballo que non che faría sentir ben. O importante non é solo atopar un traballo, senón sentir que desfrutas co que fas. Ti nunca mostraches o mínimo interese polo que eu fago, é por iso que sei que non che gustaría estar horas e horas facendo algo que non che interesa-*.

Non quedou máis remedio que aceptar que Félix tiña razón. Despois da cea deitouse desexando que algún día atopara o traballo ideal para ela. Así pasou a noite soñando con sentirse útil e non sendo unha persoa que solo esperaba que lle puxeran o prato na mesa.

Sendo xa venres, na súa aventura cotiá na busca de ofertas de traballo, entrou na estación de tren e descubriu que había un cartel onde pedían a alguén que estivera disposto a ser maquinista. Ofertaban formación para os aspirantes e quen lograra os mellores resultados sería o elixido ou elixida para o posto de traballo.

Soubo inmediatamente que aquel ía a ser o seu traballo, sempre estivo fascinada polas máquinas, a mecánica, o movemento, as viaxes. Por outra banda conducir grandes máquinas e vehículos era a ilusión da súa vida. Soubo, aínda que non recordaba o seu pasado, que era algo que levaba dentro.

Dende a súa mesa de traballo na que elaboraba xabóns artesáns de delicados aromas cos que lle gustaba bañarse e gozar do aroma delicado da lavanda, dos pétalos de rosas, ou dos doces aromas do xasmín, Gustavo viu como regresaba xa Branca a casa antes incluso de que os raios de sol entraran pola fiestra do Poñente. Branca chegaba coa cabeza alta e con paso decidido, segura de si mesma, como sempre acostumaba andar. Pero nese día ademais mostraba un sorriso que se distinguía ao lonxe.

Aquel día, porque era venres todos estaban reunidos na casa, e sentados no salón da casa foi onde Branca lle contou o seu plan de formarse como maquinista de tren, informoulle de que se ía empregar a fondo porque ía ser a mellor de todos e todas porque aquel traballo era o que realmente lle gustaba. Por suposto, todos asentiron, confirmando que aquel traballo lle acaía moi ben a Branca.

Pasou o tempo, e como era de esperar das persoas que realmente se empeñan en lograr algo e se esforzan en conseguilo, logrou ser a mellor entre 26 candidatos e candidatas a maquinista. Comezou o seu traballo, e todos os días traía noticias dos lugares que visitaba, historias das persoas que viaxaban no tren, noticias de lugares onde sucedían cousas especiais, e interesantes... e sentíase feliz. Por suposto, todos eran felices naquela casa, todos se sentían satisfeitos cos seus traballos, todos desfrutaban do seu tempo xuntos e todos contaban e compartían os seus logros e as curiosidades das súas labores diarias.

Pero aquel martes, cando de noite todos entre o croar de ras na cálida noite se reuniron no xardín, arredor da mesa de pedra, Branca traía unha noticia especial. Unha noticia que fixera se abriaran portas que antes estiveran pechadas. Branca puido viaxar máis alá das vías do tren, nun viaxe máis lonxe, unha viaxe fora do espazo... unha viaxe no tempo.

Aquel mesmo día, tiña que prepararse para iniciar a viaxe de todos os martes, pero mesmo antes de saír, mentres esperaba na estación, topouse cun home que lle dixo que lle recordaba a alguén. Pero ela non o recoñeceu. O home ía marchar. Pero coa mesma, volveu cara ela, observouna de novo. E alí parados, os dous, confesou que lle recordara a alguén.

Ese alguén que lle recordaba, era segundo o seu relato unha princesa dun país non moi afastado. Unha princesa que sen saber por que desaparecera de palacio. Algo no seu interior lle dou unha punzada e non puido máis que sentir a necesidade de interrogar a aquel viaxeiro para que seguira contando aquela historia.

A princesa Eleonora Francisca Aurelia María de las Mercedes era unha nena que sempre tivo moi preocupados aos seus pais os reis. Non conseguían que se comportara coma unha señorita. Tiña bo corazón pero era moi inqueda, activa, decidida, emprendedora e sempre estaba ansiosa de experimentar novas sensacións. As súas pasións eran a velocidade, os deportes de risco e as máquinas. Así cada vez que podía escapaba de palacio e logo a atopaban practicando puenting, ou desmontando un dos coches mentres o chofer oficial de palacio suplicaba que o deixara, que a Súa Maxestade ía a castigala.

A mala sorte fixo que o rei enviudara, e para que Eleonora Francisca Aurelia María de las Mercedes non se criara sen figura materna o rei casou novamente, xa que todos os asesores da corte aconsellaban a súa maxestade o rei viúvo que esa nena sen referencia claramente feminina, acabaría por converterse nunha princesa sen posibilidade algunha de conseguir chamar a atención de ningún príncipe da contorna imposibilitando así a continuidade da estirpe do reino.

A nova raíña era o modelo que se esperaba da princesa: delicada, feble, cultivaba as artes, era calada, non interviña sen que o seu home lle permitira falar, paciente e dócil. Nunca na súa vida traballara, solo esperara a que chegara o momento de que algún príncipe ou rei a fixera a súa esposa para ocupar o lugar que lle correspondía como princesa.

Eleonora Francisca Aurelia María de las Mercedes non entendía o que pretendían facer con ela, non se acostumou á súa nova madrastra, sentíase atada, controlada, incómoda, violenta, atrapada e triste, sobre todo triste.

Un bo día a princesa, na noite baixou ao garaxe e colleu o Porsche azul e saíu de palacio para non volver máis. Ninguén a volveu a ver. O rei desacougado tornouse un rei triste, a raíña tomou o mando e converténdose nunha malvada e pésima gobernante.

Aí remataba a historia que o viaxeiro contou a Branca, e aí foi cando Branca recobrou a memoria. Branca contou aos seus compañeiros o que sucedeu a continuación da saída do palacio no Porsche azul: Estaba desesperada, non podía seguir así, e polo tanto necesitaba desafofarse, sentir o risco e a velocidade. Non tiña claro se quería fuxir ou solo desfrutar un pouco da velocidade. Conducindo sen rumbo fixo pasou moito tempo, sen pensar, solo desfrutando da velocidade. Pero no fondo estaba enormemente triste. Unhas bágoas asomaron aos ollos e cando quixo limpalas coa man so recorda un tronco enorme fronte a ela... solo iso. Logo o demais xa o sabedes.

Ese martes, foi cando Branca ou Eleonora Francisca Aurelia María de las Mercedes decatouse de quen era, no que se decatou de que agora era feliz, no que soubo que estaba no sitio correcto, e no que descubriu que ser princesa é un verdadeiro castigo. Ao fin foi un feliz martes e soubo que por diante podía ter unha feliz vida.